



ESTRELAS
NO CAMIÑO DE SANTIAGO
EVENTO GASTRONÓMICO SOLIDARIO

NOTA DE PRENSA

A cita solidaria Estrelas non Camiño pon o broche de ouro da súa novena edición en MEGA

- *Conseguiuse unha recadación de máis de 40 mil euros bruto, cuxos beneficios irán destinados á Asociación Galega Síndrome X Fráxil*
- *A xornada no Museo de Estrela Galicia finalizou con “Bocados solidarios”, unha proposta gastronómica a cargo polos principais colectivos de cociñeiros de Galicia.*

A Coruña, 6 de maio de 2023.- A novena edición de Estrelas Solidarias no Camiño de Santiago puxo o seu punto e final este martes en MEGA coa asistencia dunha representación dos 33 chefs participantes na iniciativa solidaria promovida polos Irmáns Rial e na que colabora Estrella Galicia.

O primeiro en intervir na rolda de prensa foi Rogelio Rial o cal agradeceu que, un ano máis, os mellores chefs do mundo apoiasen esta iniciativa solidaria. Segundo explicou o cociñeiro de Negreira, foron un total de 350 os comensais os que onte gozaron da cea e verbena benéfica celebrada en Gonte. A xornada foi todo un éxito xa que se excederon todas a expectativa.

Entre os chefs que acudiron a esta xornada de peche estaban Yayo Daporta, Pepe Vieira, Iñaki Aldrey e Paulo Airaudó. Foi este último quen tomou a palabra en nome de todos eles para destacar a importancia da solidariedade na gastronomía e concretamente deste evento, xa consolidado no calendario. Segundo palabras do



chef "Galicia non só conta cunha enorme riqueza e diversidade de produtos, senón tamén con grandes profesionais que ofrecen unha cociña extraordinaria".

Nicolás González Formoso presidente da Asociación Galega Síndrome X Fráxil, o colectivo ao que irá destinados os fondos recadados nesta edición, destacou a importancia da investigación para axudar aos afectados por esta enfermidade, categorizada como rara e que é unha das primeiras causas de discapacidade intelectual por herdanza xenética "O obxectivo é dar visibilidade, xa que unha de cada 250 mulleres é portadora e a xente descoñéceo". E fixo unha especial mención a Anxo Carracedo, catedrático de Medicina Legal, investigador e experto internacional en xenética, polo seu apoio.

Por último, Pedro Pastur, como anfitrión desta xornada, puxo en valor algunhas dos acenos de identidade que comparten Estrella Galicia e a iniciativa dos irmáns Rial. "Estrella Galicia pertence a todos os que loitan e levántanse cada día, un valor, o da perseveranza e o esforzo, que levamos por bandeira. O esforzo e a perseveranza tamén son acenos de identidade de Estrelas Solidarias no Camiño, un evento de referencia que mostra ao mundo enteiro os valores que mellor nos caracterizan aos galegos: hospitalidade, solidariedade, patrimonio e por suposto, gastronomía."

A xornada terminou, como non podía ser doutra maneira, cunha experiencia gastronómica. E é que os presentes puideron degustar os "Bocados solidarios", elaboracións pensadas para este evento polos colectivos Coruña Cociña, Cociñeiros Lugo, Cociña Ourense, Grupo Nove e Vigo Gastronómico. Todas as propostas estiveron maridadas con algunha das cervexas da familia Estrella Galicia e Cervezas 1906.

Dirección
direccion@estrelasnocamino.es
Comunicación
comunicacion@estrelasnocamino.es
Máis información en:
www.estrelasnocamino.es